

Prórroga do convenio de colaboración formalizado o 23 de xullo de 2021 entre a Xunta de Galicia e o Concello de Pontevedra, para a anticipación de actuacións de promoción do transporte público que se implantarán a través da constitución da Área de Transporte de Galicia

REUNIDOS:

Dona Judit Fontela Baró directora xeral de Mobilidade, actuando por delegación do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, de acordo co establecido na Orde do 12 de xuño de 2024 sobre delegación de competencias na Secretaría Xeral Técnica e noutros órganos desta consellería (DOG Núm. 117, do 18 de xuño).

Don Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde do Concello de Pontevedra, en virtude da representación legal atribuída polos apartados 1 e 4.a) do artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL, no sucesivo), en relación co artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia (LALG, no sucesivo), segundo nomeamento efectuado polo Pleno da Corporación na súa sesión constitutiva do 17 de xuño do 2023; no nome e representación do Concello de Pontevedra.

As partes recoñécense competencia no concepto no que respectivamente interveñen e con capacidade legal para formalizar esta prórroga do convenio de colaboración, e para ese efecto

EXPOÑEN:

Primeiro.- O 23 de xullo de 2021, a entón Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia e o Concello de Pontevedra asinaron un convenio de colaboración para a aplicación anticipada e provisional no Concello de Pontevedra de actuacións previstas para a Área de Transporte de Galicia, coa finalidade de promover a aplicación das medidas de fomento do transporte público colectivo.

Segundo.- A cláusula quinta -duración- establece que o dito convenio manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2022, mais tamén prevé que *á finalización do período indicado, co fin de manter a liña de colaboración xa iniciada e, no seu caso, elaborar, tramitar e formalizar un novo marco de colaboración que veña a dar continuidade a este convenio, poderá ser obxecto de prórroga expresa acordada polos asinantes do mesmo, ata acadar un máximo de catro anos máis, indicando que o devandito acordo deberá ser adoptado con anterioridade ao 15 de decembro do ano do seu vencemento, ou do vencemento da correspondente prorrogación, e no mesmo deberán detallarse as liñas de actuación a seguir cara ao novo marco de colaboración.*

O 14 de decembro de 2022 asinaron unha primeira prórroga do convenio ata o 31 de decembro de 2023, o 14 de decembro de 2023 asinaron unha segunda prórroga ata o 31 de decembro de 2024, e o 13 de decembro de 2024 asinouse unha terceira prórroga ata o día 31 de decembro de 2025.



Valorando os positivos efectos que para as persoas usuarias presenta a actuación obxecto do presente convenio, as partes estiman conveniente proceder a una cuarta prórroga do mesmo, ata o 31 de decembro de 2026 ou, de se implantar con antelación, ata a data na que se produza a implantación da Área de Transportes de Galicia logo da adhesión definitiva do Concello de Pontevedra.

De conformidade con todo o exposto, é vontade das partes relacionadas no encabezamento aprobar esta prórroga, consonte coas seguintes condicións,

PRIMEIRA.- Prórroga da vixencia do convenio de colaboración

Prorrógase a vixencia do convenio de colaboración formalizado o 23 de xullo de 2021 entre a Xunta de Galicia e o Concello de Pontevedra, para a aplicación anticipada de actuacións de promoción do transporte público que se implantarán a través da constitución da Área de Transporte de Galicia, nos termos nos que foi redactado, ata o 31 de decembro de 2026 ou, de se implantar con antelación, ata a data na que se produza a implantación da Área de Transportes de Galicia logo da adhesión definitiva do Concello de Pontevedra.

SEGUNDA.- As achegas que corresponde efectuar ao concello de Pontevedra para o ano 2026 estímase na contía de de 357.816 € estes importes serán liquidados consonte co que se establece no convenio de colaboración, e serán obxecto de incorporación na aplicación orzamentaria 05.08.512A.470.1 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

TERCEIRA.- No non establecido expresamente neste acordo de prórroga, resultarán de plena aplicación as cláusulas e disposicións do convenio formalizado o 23 de xullo de 2021.

E para que conste, e en proba de conformidade, os comparecentes asinan esta prórroga de convenio na data da sinatura electrónica.

A Directora xeral de Mobilidade

O alcalde de Pontevedra

Judit Fontela Baró

Miguel Anxo Fernández Lores

(asinado dixitalmente)

